

## **Cosan participa nun showroom para importadores rusos da man da Cámara**

**Ferrol. 2/06/2009.** A firma de moda infantil Cosan Baby participa mañá en Ourense, xunto con outras empresas galegas de confección, nun showroom para dar a coñecer as súas creacións a un grupo de catorce importadores procedentes de Rusia.

Esta actividade enmárcase nunha misión comercial inversa organizada pola Cámara de Comercio de Ourense, en colaboración, entre outras, coa de Ferrol, que subvenciona a esta empresa téxtil ferrolá para que poida buscar clientes no mercado daquel país.

Os importadores rusos estarán esta semana en Galicia buscando novos provedores para un mercado cunha crecente demanda de pezas de calidade e que se orienta, cada vez máis, en materia de moda, polos gustos da Europa máis occidental. De aí, o interese destes empresarios polas marcas galegas nas que afirman ver un gran potencial para a súa comercialización en Rusia, especialmente para pezas de muller e neno.

Na xornada de mañá, Cosan Baby estará no recinto de Expourense, xunto con outros 14 fabricantes galegos, para mostrar os seus produtos á delegación rusa e manter cos seus integrantes entrevistas de traballo das que poderán saír novas relacións comerciais.

Esta empresa téxtil concluíu recentemente a súa participación no Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE), promovido pola Cámara de Comercio de Ferrol co obxectivo de ofrecer ás pemes un apoio económico do 80% para as súas actuacións de promoción internacional.

Ademais, para dar continuidade ás devanditas actuacións, solicitou á Cámara a adhesión ao programa de seguimento do PIPE para continuar beneficiándose dun apoio económico e uns servizos que lle permitan consolidarse como exportadora.

